



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

## RESOLUCIÓN DO 19 DE XANEIRO DE 2018 POLA QUE A SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA E A SECRETARÍA XERAL DE CULTURA CONCEDEN OS PREMIOS DO CERTAME VINDEVÍDEOS

Coincidindo coa chegada a Galicia do Pergamiño Vindel, e no marco da súa programación conmemorativa, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, convoca o Certame Vindevídeos, coa finalidade de que a xente nova e mais a sociedade en xeral poidan achegarse á cultura trobadoresca a través de producións en soporte audiovisual.

Con este concurso, o universo trobadoresco no que se xeraron as cantigas reinterprentase a través das formas de expresión máis atractivas para as alumnas e os alumnos de hoxe, sempre sen perder a esencia que as consagrou como fitos da literatura mundial.

[Logo de ver a proposta de resolución da Comisión de Selección,](#)

### RESOLVEMOS:

1 Declarar gañadores dos premios convocados para cada categoría os seguintes vídeos:

#### **CATEGORÍA A: educación infantil e primaria**

**1.º premio:** *Fals'e traedor* – CEIP do Carballal. Marín. Pontevedra

**2.º premio:** *Galicia: referente da cultura medieval* – CEIP Ortigueira. Vedra. A Coruña

#### **CATEGORÍA B: educación secundaria, ensinanzas especiais de grao medio, ensinanzas de adultos destes niveis académicos e ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra de Galicia**

**1.º premio:** *Cantigueando* – IES Francisco Asorey. Cambados. Pontevedra

**2.º premio:** *O Peque Coro do Xan Viaño descubrindo o pergamiño Vindel* – CMUS Xan Viaño. Ferrol. A Coruña



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

2 Recoñecer expresamente, por acordo unánime da Comisión de Selección na súa reunión do 17 de xaneiro de 2018, o seu agradecemento pola implicación activa dos centros participantes e pola ampla participación da súa comunidade educativa, tanto daqueles centros que están radicados na nosa Comunidade Autónoma como daqueloutros de fóra dela.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez



O secretario xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo

